

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Novembro

2012

Proposta de Plan Xeral de Atención á Diversidade (PAD) aprobada en
Comisión de Coordinación Pedagóxica o 08.11.12.
Última corrección /revisión realizada: Marzo de 2013.

IES TERRA
DE SONEIRA
(VIMIANZO)

ÍNDICE:

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.
2. PRINCIPIOS, MARCO TEÓRICO E MARCO LEGAL PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CENTRO:
 - 2.1. Reflexión sobre o concepto de diversidade.
 - 2.2. Definición de dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas especiais.
 - 2.3. Alumnado ao que se fai referencia.
 - 2.4. Marco legal e principios de actuación.
3. OBXECTIVOS.
4. PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS.
5. MEDIDAS.
6. ORGANIZACIÓN DAS MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:
 - 6.1. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado:
 - 6.2. Medidas de reforzo educativo ordinario.
7. ORGANIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:
 - 7.1. Exención de 2ª lingua estranxeira.
 - 7.2. As adaptacións curriculares significativas.
 - 7.3. Apoio da profesora especialista de pedagogía terapéutica / profesor de apoio.
 - 7.4. Agrupamentos flexibles.
 - 7.5. Programas de diversificación curricular.
 - 7.6. Programas de cualificación profesional inicial.
 - 7.7. Medidas específicas para o alumnado procedente do estranxeiro.
 - 7.8. Alumnado con altas capacidades intelectuais.
 - 7.9. Fragmentación en PCPI e flexibilización modular en FP.
8. OUTRAS MEDIDAS EDUCATIVAS.
9. ACTUACIÓN ANTE ABSENTISMO ESCOLAR.
10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN.
11. CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS/NAIS.
12. PROCEDIMENTO PARA AVALIAR O PAD.
13. RESUMO REFERENCIAS LEXISLATIVAS.
14. ANEXOS: PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

O IES Terra de Soneira está emprazado na vila de Vimianzo, no centro da Comarca de Soneira.

A nivel socio-económico o centro caracterízase por escolarizar alumnos/as cuxos pais se dedican a actividades relacionadas co sector terciario centrándose no ámbito da construción (albaneis, electricistas...). A taxa dos dedicados exclusivamente a actividades do sector primario é menor : 10% dos ocupados só en actividades agrícolas, o outro 10% en actividades mariñeiras.

Existe tamén unha considerable porcentaxe de alumnos/as que teñen algún membro familiar que traballa ou traballou fóra de Galicia.

Actualmente o IES imparte a seguinte oferta formativa, escolarizando en total aproximadamente a 400 alumnos/as:

ESO: 12 unidades.

BACHARELATO DE CIENCIAS DA NATUREZA: 2 grupos.

BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS: 3 grupos.

PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL: un grupo na modalidade C.

ESA: 1 grupo matriculado no módulo 3 e 4.

CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA (2 grupos)

CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS (2 grupos)

O instituto ten adscritos dous centros de Educación Primaria: CEIP San Vizenzo, situado no centro urbano da vila, e o CEIP Baíñas, situado a 10 km do instituto. Os dous centros contan con Departamento de Orientación propio.

O Instituto atópase lonxe das principais cidades galegas, polo que a oferta educativa é reducida. Ademais da oferta do centro, os lugares máis próximos para estudar Formación Profesional atópanse en Cee e Carballo, e para estudar graos en A Coruña e Santiago.

2. PRINCIPIOS, MARCO TEÓRICO E MARCO LEGAL PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CENTRO:

2.1. REFLEXIÓN SOBRE O CONCEPTO DE DIVERSIDADE:

O concepto de DIVERSIDADE entendido como unha característica propia de calquera grupo educativo (pola súa natureza heteroxénea), xorde da aceptación de que todas as persoas que o conforman utilizan nos seus procesos de ensino – aprendizaxe as súas diferentes capacidades, motivacións, intereses, expectativas, experiencias, coñecementos previos, etc. , e que estas, ao interactuaren co medio educativo, xeran distintas necesidades educativas (incluídas as especiais).

Partimos de que a atención á diversidade significa dar a todo o alumnado, sen exclusión, a oportunidade de levar a cabo unhas mesmas aprendizaxes e alcanzar os mesmos obxectivos. Pero esta igualdade de obxectivos non significa igualdade de tratamento pedagóxico.

Esta concepción da atención á diversidade implica que a axuda educativa personalizada é un garante para que as diferenzas existentes nos alumnos non impidan o seu desenvolvemento persoal e social, polo que a personalización do ensino é a ferramenta clave para promover a igualdade de oportunidades no ensino obrigatorio.

Tecnicamente a ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (segundo o art. 3 do Decreto 229/2011) concíbese como o “Conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

2.2. DEFINICIÓN DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:

DA (DIFICULTADES DE APRENDIZAXE): Distínguese entre Dificultades transitorias - temporais que calquera alumno pode manifestar nunha ou en varias materias, nun momento puntual da súa escolaridade, e Dificultades de aprendizaxe máis permanentes e xeneralizadas que algúns alumnos manifestan ao longo de toda ou gran parte da súa escolaridade. As dificultades de aprendizaxe temporais poden estar causadas por unha falta de coñecementos previos, un certo atraso escolar, un ritmo lento de aprendizaxe, etc. As Dificultades de aprendizaxe máis permanentes poden estar causadas por algún déficit de tipo persoal ou social, ou un grave atraso escolar que lle impide acceder ó currículo ordinario do grupo no que está escolarizado. En calquera caso as dificultades normalmente afectan á aprendizaxe do alumno en case todas as materias e actividades académicas, polo que se denominan tamén dificultades xeneralizadas ou específicas de aprendizaxe.

NEE (NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS): As necesidades educativas esténdense ao longo dun continuo que vai dende as necesidades ordinarias (as da maioría dos alumnos), e que para a súa resposta non se precisa de recursos nin medios especiais, e as necesidades máis específicas (NEE), dalgúns alumnos con algún tipo de déficit -intelectual, físico, sociocultural- e que precisan de modificacións significativas do currículo ordinario así como a intervención de persoal especializado ou de medidas de acceso ao mesmo.

Deste xeito o termo NEE vai ligado ao tipo de dificultades de aprendizaxe que manifesta un alumno, que poden ser temporais ou permanentes, pero que sempre requiren axudas ou recursos extras. A determinación de que un alumno presenta Necesidades Educativas Especiais debe estar precedida dunha avaliación psicopedagóxica (que describirá o tipo de necesidades que presenta) e sempre supón a planificación de medidas pedagóxicas especiais.

2.3. ALUMNADO AO QUE SE FAI REFERENCIA:

O continuo de necesidades educativas é tan diverso como o son cada un dos alumnos que se escolarizan no centro. Por iso, de xeito xeral, o PAD debe contemplar a atención de todos e cada un dos alumnos, na súa diversidade e nas súas necesidades.

Tendo en conta estes conceptos, así como as características específicas do contexto socio – educativo do centro, o alumnado ao que se fai referencia neste PAD é o seguinte:

- Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe temporais, causadas por falta de coñecementos previos, atraso escolar, desmotivación escolar, escasos hábitos de estudo e falta de interese nos estudos.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe causadas por un ritmo lento de aprendizaxe.
- Alumnado desfavorecido socioeconómica e culturalmente, que presenta necesidades educativas asociadas á súa historia escolar e persoal, como pobre estimulación socio – cultural, abandono escolar temperán, e en ocasións absentismo.
- Alumnado que procede do estranxeiro e polo tanto as súas necesidades educativas están causadas por un desfase curricular significativo e dificultades de adaptación. A maior parte deste alumnado normalmente está iniciado na lingua galega a nivel oral e na lingua española a nivel escrito, pero pode non ter coñecemento de ningunha das dúas linguas.
- Alumnado con necesidades educativas especiais permanentes, derivadas de discapacidade física, psíquica, sensorial ou de graves trastornos da personalidade ou da conduta.
- Alumnado sobredotado intelectualmente.

2.4. MARCO LEGAL E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN:

O Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de describir o concepto de atención á diversidade, regula todas as medidas ordinarias e extraordinarias que os centros docentes poden planificar para dar resposta á diversidade.

Establece os **principios** polos que se rexerá a atención á diversidade:

- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros docentes.
- Participación de toda a comunidade educativa.

Establece os **principios de actuación**:

1º A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado.

2º Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.

3º As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación da comunidade educativa.

4º Na resposta educativa priorizáranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

5º A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

6º As nais, pais ou tutores legais recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

7º A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

Así mesmo, ademais do marco xeral que establece a máxima norma na Lei orgánica 2/2006 de educación, débense ter en conta **outras normas** da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Lei 13/1982 de integración social dos minusválidos.
- Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 51/2003 de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Lei 7/2004 galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 27/2007 pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas.
- Lei 5/2010 pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- Real decreto 240/2007 sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- Real decreto 132/2010 polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia.
- Decreto 30/2007 polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006.
- Convención do 13 de decembro de 2006 sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

3. OBXECTIVOS:

1º Servir de instrumento para guiar ao centro, unha vez valoradas e identificadas as necesidades educativas, na planificación, priorización e organización dos apoios e recursos persoais de que dispón, para axustalos ás necesidades grupais ou individuais do alumnado que precise destas medidas.

2º Concretar os criterios e protocolos de inclusión do alumnado nas medidas de atención á diversidade.

3º Establecer os canles de coordinación entre o profesorado así como os canles de comunicación coas familias.

4º Planificar as medidas de atención á diversidade de xeito flexible, para que se permita ao longo do curso axustar as medidas á evolución do propio alumnado que as recibe, así como dar resposta a novas necesidades que poidan xurdir no medio do curso.

5º Guiar a avaliación interna da eficacia da Atención á Diversidade ao rematar cada curso, e identificar aqueles aspectos que precisan mellorar no curso seguinte.

4. PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS:

- **Avaliación inicial:** ao inicio de cada curso escolar realizarase a avaliación inicial en todas as etapas conforme ao establecido no Proxecto Educativo. Como resultado desta avaliación concretaranse as MAD para todos aqueles alumnos con necesidades educativas identificadas.
- **Avaliacións trimestrais:** Nas xuntas de avaliación de cada trimestre analizarase o resultado das MAD levadas a cabo, e adecuaranse segundo a evolución dos alumnos que as reciben ou segundo sexan valorados novos alumnos con necesidades educativas.
- **Avaliación psicopedagóxica:** É un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, que terá como finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións. Será competencia do responsable da Xefatura do Departamento de Orientación decidir e realizar a avaliación, previa autorización dos pais ou titores legais dos alumnos. Os seus resultados recolleranse nun informe psicopedagóxico que formará parte do expediente académico do alumno.
- **Coordinación cos centros adscritos de Educación Primaria:** No final e no comezo de cada curso escolar o Departamento de Orientación realizará, coa colaboración dos orientadores dos centros adscritos, unha análise do alumnado con necesidades educativas, así como unha previsión de medidas de apoio necesarias, e trasladará esta información á Dirección do centro mediante un informe escrito.

5. MEDIDAS:

No marco do decreto **229/2011 polo que se regula a atención á diversidade**, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas especiais do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan de Atención á Diversidade.

MEDIDAS ORDINARIAS	
QUE SON	MEDIDAS
<p>Son aquelas medidas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión das aulas ás características do alumnado. - Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. - Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. - Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. - Desdobramentos de grupos. - Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. - Programas de enriquecemento curricular. - Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. - Programas de recuperación. - Programas específicos e personalizados. - Programas de habilidades sociais.
COMO SE DECIDEN	
<p>Non é necesaria autorización especial. Non é preceptivo ningún informe de orientación. Pode decidilas o Departamento Didáctico no correspondente deseño da programación didáctica, o profesorado individualmente no exercicio da adecuación da programación á aula ou alumno, o equipo docente, os titores, a dirección no exercicio da xestión do centro.</p>	

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
QUE SON	MEDIDAS
<p>As que están dirixidas a dar resposta ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.</p> <p>Aplícanse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Adaptacións Curriculares. - Agrupamentos flexibles. - Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe. - Flexibilización da duración do período de escolarización. - Programas de diversificación curricular. - Programas de cualificación profesional inicial. - Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo. - Grupos de adquisición de linguas. - Grupos de adaptación da competencia curricular. - Nós engadimos: - Exención de 2ª lingua estranxeira. - Fragmentación.
COMO SE DECIDEN	
<p>Será necesaria a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autorización da dirección do centro. - Autorización do Servizo de Inspección Educativa. - Autorización da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. - E, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. 	

6. ORGANIZACIÓN DAS MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

6.1. ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS AO CONTORNO E AO ALUMNADO:

Tendo en conta como marco de referencia o Proxecto Curricular do centro, os departamentos didácticos concretarán nas correspondentes programacións didácticas:

- Os obxectivos e contidos de cada materia.
- A súa secuencia e distribución por curso e os criterios de avaliación.
- Os principios metodolóxicos adoptados.
- Os criterios para a avaliación do alumnado, prevendo tempos, instrumentos e procedementos diferentes para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Os procedementos para a avaliación inicial.
- Programas de recuperación da materia pendente.
- Programas específicos de reforzo para o alumnado procedente de fóra de Galicia con desfase curricular na materia que non ten necesidades educativas especiais.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que vai por diante na aprendizaxe.

Finalmente, cada profesor, dende a súa materia, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos en particular, podendo levar a cabo medidas ordinarias de reforzo educativo, que se concretan a continuación.

6.2. MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO ORDINARIO:

Cada profesor, cando desenvolve a súa programación de aula para un grupo concreto de alumnos, deseñará estratexias de carácter ordinario que lle permitan atender á diversidade do alumnado.

Estas medidas de reforzo educativo ordinario poden afectar a todos os compoñentes do currículo excepto aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación mínimos da materia.

Este reforzo está dirixido a aqueles alumnos/as que non seguen o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe pero que non se apartan dos obxectivos xerais mínimos do curso.

Poden ser medidas tales como:

- Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Deseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Considerar diferente tempo de realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados e complementarios – gráficos, audiovisuais, manipulables,...- para contemplar os distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos.
- Aplicar criterios de avaliación que contempnen diferentes graos de logro.
- Priorizar contidos e criterios de avaliación mínimos nalgún alumno concreto.
- Incluir actividades de recuperación, afianzamento ou consolidación para aqueles alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.
- Propoñer actividades de ampliación para aqueloutros que van diante na súa aprendizaxe.

Estas medidas serán elaboradas polo profesor/a que imparte a materia na que o alumno/a necesita o reforzo, co coñecemento do titor/a.

Reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzo educativo, e farase constar no informe individualizado de final de curso que realiza o titor/a.

A constancia de medidas de atención á diversidade, polo menos o reforzo educativo, é un requisito previo para a participación dun alumno nun programa de diversificación curricular.

Para os alumnos/as que promocionen ao seguinte curso con algunha materia suspensa poderán establecerse medidas de reforzo nesas materias no seguinte curso.

No caso das materias pendentes que os alumnos poden deixar de cursar no ano seguinte, o responsable de deseñar, propoñer e avaliar as actividades de reforzo educativo destinadas á recuperación da materia será o propio departamento implicado, en concreto o xefe do departamento.

7. ORGANIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

7.1. EXENCIÓN DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA:

Está regulada na *Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Esta medida está dirixida aos alumnos que cursan 1º e 2º de ESO e presentan dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de linguas.

7.1.1. Tipo de dificultades que deben presentar estes alumnos para recibir a medida:

- a. Alumnos con **recomendación de Adaptación Curricular en linguas** nalgún ciclo de Educación Primaria ou con recomendación de ACS nalgunha das linguas (Castelá e/ou Galega e/ou Estranxeira) nos cursos 1º e/ou 2º de ESO. A recomendación de Adaptación Curricular Significativa debe aparecer claramente reflectida nun informe psicopedagóxico (elaborado polo orientador de Primaria ou Secundaria).
- b. Alumnos **procedentes de fóra de Galicia con dificultades de comunicación** que impide o acceso ao currículo de ESO por descoñecer a lingua Castelá e/ou Galega. Esta circunstancia do alumno debe quedar claramente manifesta no informe psicopedagóxico ou nun informe de proposta, elaborado polo titor do curso ao que se incorpora o alumno.

Debemos ter en conta que no anterior apartado (b), **non debemos contemplar** os casos de alumnos que proceden de fóra de Galicia pero que dominan ou teñen amplos coñecementos previos na Segunda Lingua Estranxeira que oferta o centro (Francés). Por exemplo: alumnos que proceden de Suíza e teñen Inglés como 1ª Lingua estranxeira.

7.1.2. Tipo de reforzo que deberán recibir:

- O reforzo educativo levarase a cabo **fóra** do espazo físico onde se está impartido a materia de Segunda Lingua Estranxeira.
- Posto que a orde sinala que o contido do reforzo debe centrarse naqueles aspectos onde se detecten as dificultades, o reforzo educativo impartirase preferentemente **na área de Lingua Castelá e /ou Lingua Galega**, e de houber recursos no centro tamén en **matemáticas**, por un **profesor/a especialista** nalgunha destas materias.

7.1.3. O informe de proposta:

- O **titor/a do curso anterior** deberá elabora un **informe** onde, contando coa colaboración do Departamento de Orientación, fará explícito o motivo da medida adoptada.
- Por iso, os centros de primaria deberán incluír, no seu informe de final de etapa, un apartado onde se especifique que se propón o alumno para ser exento de 2ª Lingua Estranxeira e os motivos polos que se fai a proposta.
- Así mesmo, os Orientadores dos centros de primaria adscritos deberán achegar ao centro un **informe de orientación** no que se confirmen as propostas de exención da 2ª Lingua Estranxeira en Secundaria.
- O informe do titor deberá vir acompañado dun **xustificante asinado polos pais/nais/titores legais** do alumno, onde se constate que foron informados da proposta da medida.
- No caso de que o alumno sexa detectado na avaliación inicial de 1º ou 2º de ESO, ou no caso de que proceda doutro centro (inclúense ós de fóra de Galicia), e sexa necesario aplicar a medida, será o **titor actual o que elabore o informe** coa proposta, en colaboración co Departamento de Orientación. Neste caso debe ser o novo titor do alumno o que convoque aos pais para asinar o xustificante onde se faga constar que foron informados da medida.

7.1.4. A proposta definitiva:

Será realizada pola **Directora/or** do Instituto de Secundaria, e basearase para formulala na seguinte documentación:

- Informe do titor do curso anterior ou do curso actual.
- Xustificante asinado polo pai/nai/ titor legal do alumno onde se constate que foron informados da medida.
- O informe do Departamento de Orientación de primaria ou secundaria onde confirme a proposta, as dificultades do alumno nas linguas e matemáticas, e a recomendación de Adaptación Curricular Significativa nalgunha das linguas e matemáticas. No caso de que o alumno proceda de fóra de Galicia, e necesite a medida, non será necesaria a recomendación de Adaptación Curricular (tal como se especificou anteriormente), polo que será suficiente co informe do titor.

7.1.5. Expediente académico:

- Toda a documentación da proposta debe quedar gardada na carpeta do expediente do alumno.
- No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a.

7.2. AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS:

- A) Enténdese por adaptación curricular significativa (ACS) a proposta curricular específica para un alumno ou alumna con necesidades educativas especiais. Nesta proposta introdúcense modificacións significativas nos elementos prescriptivos do currículo común (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) e pode afectar a unha, a varias ou a todas as áreas.
- B) Para os alumnos/as con necesidades educativas especiais, **previo informe psicopedagógico** do Departamento de Orientación, elaboraranse ACS segundo o modelo creado para tal efecto. Nelas concretarase a actuación do profesorado na aula, así como a do profesorado de apoio.

- C) Será necesario elaboralas **cando un alumno/a con NEE non siga o currículo establecido para o seu grupo clase**. Debe haber como mínimo un ciclo ou curso de desfase con respecto ao curso no que está escolarizado. Neste caso modificaranse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, polo que necesitan autorización da inspección educativa. Esta medida aplicarase tanto para aqueles alumnos/as con un determinado déficit persoal como polas súas capacidades excepcionais.
- D) **A programación** incluirá contidos, obxectivos e criterios de avaliación dun curso ou ciclo distinto do que estea cursando o alumno ou poderá partir do currículo de referencia do curso no que está escolarizado o alumno suprimindo ou engadindo obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- E) O seu deseño será **responsabilidade do profesor/a** que imparte a materia e co asesoramento do profesor de apoio (tamén Prof. Pedagogía Ter.) e do orientador/a do centro, e coa axuda do departamento didáctico. O profesor responsable deberá concretar os seguintes apartados do DIAC (Documento Individual de Adaptación Curricular): Competencia curricular actual, obxectivos, contidos e criterios de avaliación para un curso. Asemade deberá concretarse os criterios de avaliación necesarios para considerarse superada a materia pendente.
- F) O desenvolvemento da ACS correspóndelle ao **profesor da materia**. De establecerse no informe psicopedagóxico e de haber dispoñibilidade horaria, a ACS poderá ser desenvolvida **parcialmente polo Profesor e Apoio** fóra da aula ordinaria prioritariamente nas áreas instrumentais (Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas).
- G) Será necesario realizar unha **reunión** coordinada polo Xefe de Estudos, coa asistencia do titor, dos profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular, o/a Profesor/a de Pedagogía Terapéutica e o/a Orientador/a, para **decidir a pertinencia ou non da ACS. No caso de falta de consenso ou desacordo na decisión de AC solicitarase opinión á inspección educativa.**
- H) A **avaliación** :
- Realizarase tendo en conta os criterios de avaliación individualizados propostos na ACS sen prexuízo de que, aínda que o progreso do alumno sexa satisfactorio, para a obtención do título de graduado en educación secundaria o referente serán os obxectivos xerais da etapa establecidos no proxecto curricular.
 - A **materia considérase superada** cando a nota sexa igual al 5 ou superior, tendo en conta os seus propios criterios de avaliación individualizados. Non se considera pendente nos posteriores cursos.
 - Nos documentos de avaliación (expediente académico, libro de escolaridade, boletín de notas, actas de avaliación final e informes individualizados) a ACS reflíctese como AC.
 - Na materia obxecto de AC levará unha **nota numérica** no boletín de notas e na acta, tomando como referencia os criterios de avaliación individualizados da AC. Esta nota deberá decidila o profesor que imparte a materia, e no caso de recibir apoio fóra da aula, a nota deberá consensuarse co Profesor de Apoio.

- O profesor/a que realice a ACS deberá elaborar un breve informe escrito cada trimestre do progreso realizado polo alumno/a e facilitarlllo ao titor para que poida ser trasladado á familia xunto co boletín de notas. Resulta esencial que no informe ás familias conste a valoración do progreso do alumno que segue una ACS. Estes informes trimestrais formarán parte da avaliación continua da ACS.
- A finais de curso, o profesor deberá elaborar un breve informe final concretando os obxectivos parcialmente ou totalmente acadados para poder actualizar a ACS no seguinte curso segundo un modelo facilitado polo Departamento de Orientación.
 - I) A **temporalización**: as ACS terán unha duración mínima dun curso académico. As ACS elaboraranse cando se detecten as NEE, en calquera momento do curso, pero para garantir unha intervención coherente co alumno ao longo do curso, a proposta de ACS será conveniente que estea elaborada e enviada á inspección antes de que remate o 1º trimestre do curso académico.
 - J) Os alumnos con ACS teñan ou non apoio de PT, sempre que sexa posible, pasarán a formar parte do **agrupamentos flexibles** e desenvolverán alí a materia adaptada.
 - K) A **promoción ao seguinte curso** rexerese polos mesmos criterios establecidos con carácter xeral para os alumnos de secundaria. É dicir, o alumno poderá promocionar con unha ou dúas suspensas, e excepcionalmente con tres.
 - L) **Titulación**: todos os alumnos, incluídos os que teñan ACS superadas, deberán acadar os obxectivos xerais da etapa para poder obter o título.
 - M) O proceso de elaboración seguirá o prescrito na *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral* (DOG do 7 de novembro de 1995).

7.3. APOIO DA PROFESORA ESPECIALISTA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA / PROFESOR DE APOIO:

7.3.1. A súa intervención abarcará **catro tipos de reforzo** en función dos destinatarios e do emprazamento:

- **En función dos destinatarios:**

- a) Docencia a alumnos con necesidades educativas especiais temporais ou permanentes (NEE).
- b) Reforzo educativo a alumnos con dificultades de aprendizaxe.

- **En función dos emplazamentos:**

- c) Dentro da aula ordinaria.
- d) Fóra da aula ordinaria: Na aula de Pedagogía Terapéutica.

		TIPO DE EMPRAZAMENTOS	
TIPO DE DESTINATARIOS	Alumnos con necesidades educativas especiais (NEE)	Preferentemente dentro da aula ordinaria	Parcialmente fóra da aula ordinaria (con ACS)
	Alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe.	Sempre dentro da aula ordinaria	

7.3.2. **O profesor de PT intervirá cando** as dificultades ou situación do alumno/a lle impidan acadar os obxectivos do currículo do grupo no que estea escolarizado, e precise dunha intervención ou actuación especializada. Esta intervención deberá estar precedida sempre dun **informe de orientación**, no que se deberá concretar os motivos polos que precisa esta medida, o tipo de apoio que recibirá e as condicións polas que deberá deixar de recibir esta medida.

7.3.3. Segundo as modalidades de intervención expostas anteriormente, deberase cumprir os **critérios psicopedagóxicos** establecidos neste apartado así coma no anterior (determinados nun informe de orientación) para decidir un tipo ou outro de intervención.

1º **Dentro da aula ordinaria** colaborando co profesor/a e prestándolle ao alumno/a a axuda que necesite. Esta será a opción preferente.

- O profesor/a da materia terá que coordinarse estritamente co profesor/a de apoio para decidir a metodoloxía e os contidos a reforzar.
- O apoio será destinado a un alumno/a individualmente ou a un pequeno grupo de alumnos/as con necesidade de apoio educativo (sempre establecido nun informe de orientación).
- Este apoio será conveniente cando o alumno/a non presente un gran desfase curricular en comparación co grupo-clase, é dicir, cando as dificultades de aprendizaxe non sexan tan grandes como para non poder seguir o currículo da aula ordinaria.
- Esta modalidade levarase a cabo cando se considere que non é negativo para a autoestima e desenvolvemento social do alumno.
- As materias de apoio serán preferentemente lingua castelá, lingua galega e matemáticas, e posteriormente ciencias sociais e ciencias naturais.
- En función da dispoñibilidade horaria e das necesidades dos alumnos o apoio poderá desenvolverse dentro dos agrupamentos flexibles.
- Esta medida farase constar no expediente do alumno, no boletín de notas, nas actas de avaliación e no informe final individualizado como Reforzo Educativo (RE).

2º **Fóra da aula ordinaria** (docencia directa e individualizada do PT):

- O alumno deberá ter ACS elaborada ou estar pendente de avaliación psicopedagóxica con clara recomendación de ACS nas materias instrumentais.
- Horario: Terase en conta , para planificar os períodos que o alumno/a pasa fóra da súa aula ordinaria , as materias que nese momento se están traballando na súa clase

e as necesidades específicas de cada alumno/a. Tratarase de establecer as horas de apoio coincidindo co horario das materias na aula ordinaria. Nunca se poderá ocupar o 100% das horas da área nin se poderá superar en total dun terzo da carga lectiva semanal do alumno.

- As áreas nas que recibirá docencia serán preferentemente lingua castelá, lingua galega e matemáticas, e posteriormente ciencias sociais e ciencias naturais.
- Agrupamento: individual ou en pequeno grupo, se as necesidades dos alumnos o permiten, e neste caso o grupo non superará os 5 alumnos/as.
- Metodoloxía: Moi activa e individualizada e cunha aprendizaxe altamente significativa, levando a cabo actividades motivadoras para o alumno – aprendizaxe guiada.
- Materiais: adaptados e específicos (segundo as necesidades educativas especiais de cada alumno/a) e ofrecendo ao alumno/a as axudas que precise (físicas, visuais, auditivas, ...).
- Avaliación do alumnado con ACS: continua (valoración trimestral do rendemento do alumno), global (valoración a finais de curso) e formativa (introducindo cambios na metodoloxía cando sexa necesario) e, en función dos criterios de avaliación propostos para cada alumno/a na súa respectiva Adaptación Curricular Individualizada. O profesor de PT colaborará na elaboración do informe trimestral que se enviará aos pais/nais e do informe final de avaliación da AC. Tamén consensuará a nota da materia co profesor de AC.

7.4. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES:

7.4.1. Definición:

Trátase dunha adaptación metodolóxica no agrupamento da aula ordinaria que consiste en establecer un **desdoblamento transitorio** para apoiar ós alumnos con **necesidades específicas de apoio educativo** naquelas materias que, ben por teren carácter instrumental para seguir a aprendizaxe do resto das materias, como é o caso das Linguas e das Matemáticas, ben polo seu peso conceptual, como poden ser as Ciencias Naturais ou as Ciencias Sociais, reclaman unha atención máis individualizada.

Con esta medida tamén se pretende incidir na motivación e na mellora da autoestima deste alumnado que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con medidas ordinarias de reforzo educativo.

Este desdoblamento permitirá en determinadas materias constituír un grupo específico cos alumnos dos distintos grupos do mesmo nivel que presentan as características anteriormente mencionadas.

7.4.2. Destinatarios:

- Alumnos do 1º e 2º curso de ESO, con necesidades educativas especiais ou con dificultades específicas de aprendizaxe, debido á capacidade intelectual, incorporación tardía ao sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

- As necesidades dos alumnos deberán estar descritas nun informe de orientación onde se recomendará esta medida.

- A prioridade de alumnos virá dada polas necesidades educativas que presenten, canto máis grandes maior preferencia para recibir a medida. Exceptúanse os alumnos con ACS, para os cales deberase recomendar preferentemente o apoio específico do Profesor de Pedagogía Terapéutica, e asistirán ao agrupamento só no caso de que o número de alumnos deste sexa reducido.

- Como segundo criterio de prioridade terase en conta se o alumno ten pendente a materia obxecto de agrupamento, só no caso de haber un excesivo número de candidatos a recibir a medida.

7.4.3. Organización e distribución horaria:

- A proposta de áreas que serán obxecto de agrupamento deberá ser realizada pola CCP. Cando as posibilidades de agrupamento non poida abranguer tódalas áreas, priorizaranse os agrupamentos en Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.
- Os alumnos pertencerán a máis dun grupo de referencia sempre que a dispoñibilidade do profesorado do centro o permita.
- O alumnado permanecerá no agrupamento específico o 100% do horario semanal que lles corresponda a estas áreas.
- Non haberá número mínimo nin máximo pero para a configuración do grupo terase en conta as recomendacións do profesorado que imparta a materia, así como o número de alumnos do grupo de referencia.
- Cómpre sinalar que se trata de agrupamentos transitorios e que o alumno pertence ó grupo ordinario a tódolos efectos.
- Os agrupamentos son flexibles, o cal significa que un alumno poderá ser obxecto desta medida ou deixar de recibila en calquera momento do curso. Pero para asegurar unha coherencia temporal e metodolóxica estas decisións tomaranse nas xuntas de avaliación, excepto no caso de alumnos/as que se incorporen ao centro no medio do curso.

7.4.4. Proposta de inclusión de alumnos/as para os agrupamentos flexibles:

- Só poderá propoñerse a alumnos coas características descritas no apartado 6.2. nun informe de orientación.
- **Alumnos novos:** durante o proceso de avaliación inicial, os alumnos detectados polo profesorado serán remitidos ao departamento de orientación para a súa valoración recomendando unha posible incorporación ao agrupamento. Na xunta de avaliación inicial o departamento de orientación deberá informar das necesidades detectadas e da proposta de Medidas de Atención á Diversidade. Nesa reunión tratarase de consensuar a proposta de agrupamento para cada alumno que deberá quedar reflectida nun informe de orientación.
- **Alumnos do centro:** en 1º lugar, ao longo do mes de maio o profesorado propondrá aos alumnos que precisan de agrupamento no curso seguinte, a través dun informe escrito facilitado polo departamento de orientación. En 2º lugar o departamento de orientación elaborará o informe de orientación para cada alumno detectado onde describirá as MAD que precisa no seguinte curso. En 3º lugar na xunta de avaliación de xuño consensuarase a medida para cada alumno. Finalmente na xunta de avaliación inicial do seguinte curso revisarase a proposta e poderase facer algún cambio de xeito excepcional.
- **En caso de falta de consenso ou desacordo, decidirá a dirección do centro.**
- As medidas de agrupamento serán revisadas nas xuntas de avaliación trimestral.

PROCEDEMENTO	TEMPORALIZACIÓN
1º Informe dos profesores de materia (caso dos alumnos do centro) ao Dto. Orientación.	Maio
2º Informe de Educación Primaria (caso dos alumnos de 6º) ao Dto. Orientación.	Xuño
3º Informe do Dto. de Orientación á Dirección e á xunta de avaliación.	Xuño
4º Proposta provisional (dos alumnos do centro)	Xunta da 3ª avaliación (xuño)
5º Proposta definitiva (alumnos do centro e novos)	Xunta de avaliación inicial do seguinte curso.

7.4.5. Un alumno poderá deixar de recibir a medida de agrupamento flexible se se cumpre algún dos seguintes criterios:

- Supéranse as dificultades específicas de aprendizaxe que motivaron a súa inclusión, o cal deberá estar recollido nun informe de orientación.

- Obsérvase que a asistencia ao agrupamento inflúe negativamente na súa autoestima e desenvolvemento social.
- A familia solicítalo.
- O comportamento e actitude do alumno é enormemente negativo, disruptivo e desafiante, polo que impide claramente o desenvolvemento da clase.
- Abandono da materia constatado por escrito. Deberase realizar primeiro un apercibimento de abandono, do que se entregará copia ao alumno, á súa familia, ao titor e á orientadora, para poder tomar as medidas oportunas. Se a situación non mellorase, procederase a constatar o abandono.

7.4.6. Currículo e programacións:

- Con carácter xeral, estes alumnos deben ter os mesmos obxectivos có seu grupo de referencia, aínda que se poidan adaptar contidos do curso anterior cando sexa necesario.
- É importante que os alumnos acaden os obxectivos mínimos (cando sexa posible) propostos para o grupo de referencia, aínda que se incida unicamente no tratamento dos contidos básicos e mínimos, pois neste principio baséase a posibilidade de que o alumnado poida reincorporarse con éxito ao seu grupo de referencia.
- As programacións adaptadas serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos a partir dos obxectivos e contidos básicos establecidos no proxecto curricular do centro e mesmo, cando sexa necesario, retomados do curso anterior, para afianzar aprendizaxes básicas. Estas programacións forman parte das programacións didácticas elaboradas con carácter xeral polos respectivos departamentos e, polo tanto, débense incluír no Proxecto Curricular.
- En cada curso escolar os departamentos de LC, LG e MAT deberán revisar as súas programacións neste sentido, e ter en conta os agrupamentos que se establecen para cada grupo de 1º e 2º de ESO.

7.4.7. Metodoloxía e avaliación:

- Polas características que presentan estes alumnos deberase levar a cabo unha metodoloxía diferente á da aula ordinaria, baseada en proxectos de traballo ou unidades didácticas con carácter práctico e funcional así como adaptacións nos instrumentos de avaliación e nos materiais de aula.
- Os criterios de avaliación serán os establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia. A avaliación será realizada sempre polo profesor de agrupamento, o cal valorará o nivel alcanzado e o progreso do alumno respectando os criterios xerais da programación do grupo de referencia.
- Ao remate do curso a Comisión de Coordinación Pedagóxica realizará a valoración desta medida de atención á diversidade, á vista dos informes dos departamentos didácticos co obxectivo de propoñer a renovación, reaxuste ou supresión dos agrupamentos constituídos durante o curso.
- A participación nos agrupamentos específicos faráselles constar aos alumnos no seu expediente como reforzo educativo.

7.5. PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR:

- A) Están destinados ao alumnado que presente dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, pero con posibilidades de acadar os obxectivos da ESO se se establecen criterios metodolóxicos e de organización do currículo distintos aos dos grupos ordinarios.
- B) Destinatarios: Poderán incorporarse aos programas os alumnos/as que cumpran as seguintes condicións:
 - Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.

- Ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas.
- Atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.
- Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de graduado en educación secundaria.

C) Os alumnos/as que accedan a este programa deberán cumprir algunha das seguintes condicións:

- Ter cursado o segundo curso da ESO, non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e ter repetido xa unha vez na etapa.
- Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.
- Tras repetir o terceiro curso, non superalo.
- Ter cursado o cuarto curso da ESO sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

C) Duración dos programas: Con carácter xeral, a duración dos programas de diversificación curricular será de dous anos. Non obstante, poderán establecerse programas dun ano de duración para aquelas alumnas e alumnos que cursasen o cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sen acadar o título ou que, tras repetir terceiro, non acadasen os obxectivos e, en ambos os casos, para os que se considere adecuada a súa incorporación ao programa.

D) PROCEDEMENTO A SEGUIR E TEMPORALIZACIÓN:

1º Pre-selección de alumnos entre a orientadora e o titor/a.	Abril, trala xunta da 2ª avaliación
2º Elaboración do informe individual do profesor de área, só dos alumnos pre-seleccionados, no cal se fará constar: a competencia curricular do alumno na materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas, os motivos polos cales se considera conveniente que o alumno se incorpore ao programa.	1ª quincena de maio
3º Entrevista co alumno e cos pais/titores legais.	2ª quincena de maio
4º Elaboración do informe do titor coa información de cada profesor.	1ª quincena de xuño
5º Avaliación psicopedagóxica e informe de orientación.	1ª quincena de xuño
6º Reunión da xunta de profesores para valorar a incorporación do alumno ao programa.	Xunta da 3ª avaliación
7º Sesión de proposta definitiva, convocada pola xefatura de estudos, coa asistencia desta, da xefatura do departamento de orientación e do titor do alumno/a. No caso de falta de consenso ou desacordo informarase á Inspección para que tome a decisión.	Setembro, trala xunta de avaliación de setembro.
8º Remisión da proposta ó servizo de inspección educativa	Setembro

para a súa autorización.	
--------------------------	--

- E) Constituiranse grupos de diversificación de non máis de 10 alumnos/as por grupo nin menos de 5.
- F) A estrutura do programa, a avaliación, a programación, a titoría e o profesorado que imparte a docencia no programa aparecen descritos na *Orde do 30 de xuño do 2007 pola que se regulan os Programas de Diversificación Curricular na Comunidade Autónoma de Galicia*.

7.6. PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL:

A) Están dirixidos aos seguintes alumnos:

- Alumnado escolarizado con dificultades de aprendizaxe que acepte o marco escolar e valore continuar a súa formación nun ámbito profesionalizador, ou ben que se atope en grave risco de abandono escolar.
- Alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade ou trastornos graves de conduta que teñan cursada a escolarización básica en centros ordinarios ou en centros de educación especial, co fin de facilitar a súa inserción laboral.
- Alumnado desescolarizado por abandono do sistema educativo ou por proceder doutros países, que desexe acceder ao mercado laboral coa acreditación dunha cualificación profesional de nivel 1.

A lei sinala ademais que os alumnos deberán ter polo menos 15 anos cumpridos dentro do ano do inicio do programa para o cal se considere que é a mellor opción para alcanzar os obxectivos da etapa de educación secundaria obrigatoria.

Para o alumnado escolarizado na educación secundaria obrigatoria no curso anterior ao do inicio do programa, será imprescindible a conformidade do alumno ou da alumna, a do seu pai e a da súa nai, ou a de quen teña asignada a súa representación legal. Ademais haberá que realizar unha proposta polo equipo educativo e o departamento de orientación do centro, e finalmente ser autorizado pola Dirección do centro (caso de alumnos de 16 anos) ou a Inspección Educativa (caso de alumnos de 15 anos).

Para o alumnado desescolarizado será suficiente a conformidade do alumno e a dos seus pais ou representantes legais.

- B) Obxectivo do programa: proporcionar unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse á vida activa ou proseguir estudos na formación profesional específica.
- C) No programa poderá participar alumnado con necesidades educativas especiais. De ser así, o número máximo de alumnos reducirase en igual número ao número de alumnos integrados.
- D) MODALIDADE DE PROGRAMA IMPARTIDA NO CENTRO: No centro ofértase a modalidade de "Programa de Cualificación Profesional Inicial" C-mixta, no que a área de formación básica se desenvolve no centro educativo e a de formación profesional

específica en colaboración con entidades da Administración Local (Concello) e empresas coas que o centro establece convenios para o seu desenvolvemento.

- E) **CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN BÁSICA:** Terá como obxectivo afianzar as aprendizaxes instrumentais para facilitar a incorporación do alumno nas ensinanzas regradas:
- Probas de acceso a ciclos de grao medio.
 - Proba de graduado en ESO.
 - Educación Secundaria de Adultos.

Organízase en catro módulos:

- **Módulo de competencia comunicativa e dixital I e II:** lectura, comprensión e expresión oral e escrita en lingua galega e castelá. 4 sesións semanais.
- **Módulo de sociedade e cidadanía I e II:** coñecemento do mundo actual, da sociedade e da súa organización, así como dos dereitos e dos deberes da cidadanía. Tres sesións semanais.
- **Módulo científico-matemático I e II:** Resolución de problemas do entorno. 4 sesións semanais.
- **Módulo de iniciativa persoal e relacións laborais I e II:** dereitos e obrigas no traballo, hixiene e prevención de riscos, creación de empresa. 2 sesións semanais.
- **Formación complementaria de acceso a ciclos:** impártese só no 1º cuadrimestre do 2º curso.

- F) **CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA:** Terá como obxectivo promover a aprendizaxe inicial do perfil profesional cursado, para desempeñar postos de operario e/ou axudante. Realizarase durante todo o curso escolar na empresa ou organismo correspondente ao perfil cursado polo alumno. Os materiais serán facilitados pola empresa e o centro colaborará na medida do posible.

G) **A TITORÍA:**

- O grupo de alumnos terá un titor no centro educativo, que será o encargado de realizar o seguimento quincenal nas empresas.
- Cada alumno terá tamén un Titor na empresa, que será o encargado de levar a cabo o programa formativo e avaliar o alumno na fase práctica.
- Aplicarase un Plan de Acción Titorial específico na hora semanal de titoría presencial cos alumnos.

H) **METODOLOXÍA:** Basearase nos principios de:

- **INDIVIDUALIZACIÓN:** a través de estratexias individuais que posibiliten unha mellor aprendizaxe dos contidos da área, para o cal é imprescindible identificar o nivel de coñecementos previos do alumnado. A partir dese coñecemento poderanse deseñar actividades que permitan superar as dificultades, respectando sempre os diferentes ritmos de traballo e de aprendizaxe e tendo en conta que as actividades deben seguir un proceso gradual e secuenciado.
Favorecerase que o alumnado empregue as súas propias estratexias para que desenvolva o seu nivel de autoestima.
- **INTERDISCIPLINARIEDADE:** na área de formación básica.
- Desenvolver as capacidades básicas a través do emprego de técnicas de traballo.
- Adquirir contidos de formación básica, evitando a parcelación dos seus compoñentes, apoiándose no medio real e conectando as actividades no taller.

I) **AVALIACIÓN:**

- Será CONTINUA, INDIVIDUALIZADA E INTEGRADORA, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se produzan e adoptando as medidas oportunas.
- Terá como referencia os obxectivos e criterios de avaliación sinalados nas programacións didácticas, así como o grao de madureza acadado.
- A avaliación continua require da súa asistencia regular ás clase e actividades programadas.

TIPOS DE AVALIACIÓN:

- a) INICIAL: ao comezo do curso estudarase o nivel co que accede o alumado en canto a actitudes, capacidades e coñecementos básicos. Isto permitirá que o proceso de ensino-aprendizaxe adquira o carácter individualizado que estes programas requiren, e que se fagan explícitas as adaptacións e apoios que precise o alumado. Os seus resultados quedarán recollidos no seu expediente académico e na acta de avaliación inicial.
- b) PROCESUAL OU FORMATIVA: valorará máis a evolución persoal do alumno que a aprendizaxe de contidos instrutivos.
- c) AVALIACIÓN FINAL: dará lugar ás cualificacións das áreas formativas, que se expresarán por áreas globalmente mediante unha escala numérica do 1 ao 10 sen decimais, sendo positivas as notas iguais ou superiores a 5. No caso da área de Formación Profesional Específica a cualificación expresarase como apto ou non apto.
 - Na avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais tomarase como referencia básica os criterios establecidos na adaptación/ fragmentación correspondente. Incorporarase unha copia da resolución do órgano responsable que a autorice.
 - Celebrarase cando menos unha sesión parcial cada trimestre lectivo ademais da xunta de avaliación inicial.
 - A superación dun programa de cualificación profesional inicial requerirá a avaliación positiva de todas as áreas que o compoñen.

J) PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A PROPOSTA DE ALUMNOS E TEMPORALIZACIÓN:

Segundo a orde que regula os Programas de Cualificación profesional, a proposta de incorporación do alumnado ao programa debe ser determinada seguindo este procedemento:

1º Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno ou alumna, expresada mediante un informe individualizado, elaborado pola persoa titora, que será remitido ao departamento de orientación e no cal se fará constar:

- A competencia curricular do alumno en cada materia.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Os motivos polos que o equipo docente considera conveniente que o alumno se integre nun programa de cualificación profesional inicial.

2º A xefatura do Departamento de Orientación procederá a realizar un informe no que se incluírán as conclusións da avaliación psicopedagóxica, o resultado da reunión da persoa titora ou orientadora co alumno e todos aqueles aspectos que se considere necesario facer constar.

3º Posteriormente a Dirección do centro valorará os informes emitidos e as opinións do alumno e dos seus pais, e tomará a decisión que estime conveniente. No caso de que o alumno estea en idade de escolarización obrigatoria (15) a documentación deberá remitirse ao servizo territorial de inspección educativa.

1º Pre-selección de alumnos entre a orientadora e o titor/a.	Abril, trala xunta da 2ª avaliación
2º Elaboración do informe individual do profesor de área, só dos alumnos pre-seleccionados, no cal se fará constar: a competencia curricular do alumno na materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas, os motivos polos cales se considera conveniente que o alumno se incorpore ao programa.	1ª quincena de maio
3º Entrevista co alumno e cos pais/titores.	2ª quincena de maio
4º Elaboración do informe do titor/a coa información de cada profesor.	1ª quincena de xuño
5º Avaliación psicopedagóxica e informe de orientación.	1ª quincena de xuño
6º Reunión da xunta de profesores para valorar a incorporación do alumno ao programa.	Xunta da 3ª avaliación
7º Proposta definitiva por parte da Dirección.	Setembro, trala xunta de avaliación de setembro.
8º Remisión da proposta ao servizo de inspección educativa para a súa autorización.	Setembro

LEXISLACIÓN QUE REGULA OS PCPI: *ORDE do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 21 de xullo do 2011).*

7.7. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO:

7.7.1. Destinatarios:

Alumnos con idade comprendida entre 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria (16 anos) que proceda do estranxeiro e que, trala avaliación correspondente, reúna algunha das seguintes necesidades educativas:

- Descoñecemento das linguas oficiais (galega, castelá)
- Desfase curricular de 2 cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola idade.
- Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

7.7.2. Avaliación das súas necesidades:

- Realízase a cabo a avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ao sistema educativo.
- De ser o caso, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica correspondente.

7.7.3. Centros que poden desenvolver estas medidas:

Só aqueles centros identificados pola Delegación Provincial que reúnan os seguintes requisitos:

- Escolarizar alumnado coas necesidades antes descritas.

- b) Escolarizar alumnado de orixe estranxeira, aínda que non presente as anteriores necesidades.

7.7.4. Dotación de profesorado de apoio:

- Poderá pertencer a calquera dos corpos e especialidades do ensino primario ou secundario (de acordo coas necesidades do alumnado).
- Priorizaranse as aulas con alumnado de nova incorporación, no 2º curso de EP ou posterior, ou naqueles casos onde a escolarización se produza despois do 1º trimestre.
- O profesorado pertencerá, no caso dos grupos de adquisición de linguas, preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico.
- No caso dos grupos de adaptación da competencia curricular, o profesorado encargado, na ESO, pertencerá preferentemente a algunha das especialidades correspondentes ás materias obxecto de reforzo.

7.7.5. Medidas de atención escolar:

1. DE TIPO CURRICULAR:
 - Reforzo Educativo
 - Adaptacións curriculares
 - Flexibilización da idade.
2. DE TIPO ORGANIZATIVO:
 - Grupos de adquisición de linguas
 - Grupos de adaptación da competencia curricular.

7.7.6. Grupos de adquisición de linguas:

- Son agrupamentos flexibles para o alumnado que descoñece completamente ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia. Teñen como fin a formación inicial nas linguas vehiculares do ensino.
- Poderase formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre (con posibilidade de ampliación excepcional autorizada pola inspección educativa)
- Poderanse desenvolver na EP, na ESO e, excepcionalmente, no último curso de EI.
- O alumnado que conforme o grupo pode pertencer a diferente curso ou ciclo educativo pero debe ser da mesma etapa.
- O horario máximo semanal será o seguinte (pero deberase ir reducindo segundo os progresos do alumno):
 - 5 períodos lectivos en EI
 - 10 no 1º ciclo de EP
 - 20 no 2º e 3º ciclo de EP
 - 24 na ESO.
- O alumnado asistirá a clase co grupo de referencia nas materias de Educación Física e Educación Artística en EP. Na ESO farao nas materias de Educación Física, Música e Educación Plástica e Visual, así como na sesión de tutoría.
- No último curso de EI e no primeiro ciclo de EP levaranse a cabo tamén actividades de apoio á aprendizaxe da lingua na aula ordinaria, ademais da pertenza ao grupo de adquisición de linguas.
- O titor será o mesmo que o do grupo ordinario.

7.7.7. Grupos de adaptación da competencia curricular:

- Son agrupamentos flexibles para os alumnos con desfase curricular de 2 ou máis cursos. Teñen como fin que o alumno prograse na súa competencia curricular.
- A permanencia nestes grupos levarase a cabo na fracción da xornada escolar, coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar.
- O alumnado incorporárase ó grupo ordinario cando a xunta de avaliación considere que se superaron as necesidades educativas.
- Poderanse desenvolver no 2º e 3º ciclo da EP e na ESO.

- O alumnado que conforme o grupo pode pertencer a diferente curso ou ciclo educativo pero debe ser da mesma etapa.
- O horario semanal máximo será o seguinte (tendo en conta que non se poderá abrangue-la totalidade do horario semanal de cada unha das materias):
 - 8 períodos no 2º e 3º ciclo de EP
 - 10 na ESO
- O titor será o do grupo ordinario.

7.7.8. Criterios para a escolarización:

- Terase en conta a idade e a competencia curricular do alumno. En ningún caso se poderá escolarizar o alumno nun curso inferior aos dous anteriores ao que lle correspondería por idade.
- Dentro da idade de escolarización obrigatoria, o curso no que se incorpore deberá pertencer ao ensino básico (obrigatorio), excepto no caso dos alumnos con necesidades educativas especiais.

7.8. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS:

Enténdese que unha persoa ten sobredotación cando nela se dan as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseverancia.

A sobredotación precisa, por un lado, unha resposta diferenciada e diversificada, con estratexias de ensinanza e aprendizaxe consontes cos recursos intelectuais que manexan as persoas que a manifestan. Pero por outro lado tamén precisa que esa resposta diferenciada sexa consecuencia dun continuo de medidas graduais que teñen o seu inicio nas medidas de atención á diversidade recollidas neste documento.

As estratexias serán as seguintes:

- **Medidas de Enriquecemento:** Estas medidas fundaméntanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Trátase de facer adaptacións curriculares, que poden ser de dous tipos:

1. **Programas de enriquecemento horizontal:** Son adaptacións curriculares non significativas que van dirixidas fundamentalmente ao eido procedemental e non supoñen modificacións dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Os programas de enriquecemento horizontal van enfocados a un afondamento en obxectivos e contidos propios dun curso e abranguen aspectos como: a mellora cognitiva; o desenvolvemento da creatividade; o desenvolvemento metacognitivo; a ampliación e afondamento da información e a optimización de hábitos e de estratexias de resolución aplicadas ás distintas áreas de traballo. Trátase, xa que logo, de ir introducindo na programación da aula unha serie de técnicas metodolóxicas e actividades que complementen a oferta educativa ordinaria. Así terán importancia as estratexias de busca de información; as estratexias autoorganizativas: establecemento de prioridades, organización dos recursos; estratexias inventivas e creativas; estratexias analíticas; estratexias para a toma de decisións.

2. **Programas de enriquecemento vertical,** dentro dos que salientamos:

- **As adaptacións curriculares de ampliación:** Implica unha ampliación dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Poden ampliarse e introducirse outros correspondentes a cursos ou niveis posteriores. Esta medida, porén, non supón un cambio de curso do alumnado, senón que se levará a cabo dentro do grupo ordinario que lle corresponde por idade.

- **As adaptacións curriculares de ampliación con cambio parcial de grupo:** O alumnado sobredotado pode cursar unha ou varias áreas ou materias cun grupo ordinario dun nivel inmediatamente superior. Están dirixidas a aquel alumnado que destaca especialmente nalguna área ou materia na que xa teñen acadados os obxectivos propios do seu nivel.
- **As adaptacións curriculares de ampliación con incorporación a grupos específicos de apoio:** Esta medida supón a incorporación do alumnado a grupos de diferente nivel de competencia curricular durante algunhas horas á semana, o que lle permitirá traballar en grupos reducidos determinados programas, materias ou actividades que supoñan unha ampliación do currículo ordinario.
- **Medidas de aceleración:** Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan claramente os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal. A lexislación contempla dúas posibilidades:
 - Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.
 - Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.As medidas de aceleración deben ir acompañadas doutras de atención á diversidade para que non se traduzan nun mero adianto de curso. Precisa obrigatoriamente dunha avaliación psicopedagóxica realizada polos correspondentes especialistas para que se materialice a flexibilización, xunto co correspondente ditame de escolarización.

7.9. FRAGMENTACIÓN E FLEXIBILIZACIÓN MODULAR PARA ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:

7.9.1. Para o alumnado con necesidades educativas especiais que curse un **PCPI** poderase propoñer unha **fragmentación modular**, e poderase optar por:

- **Fragmentación modular:** Cursar o PCPI de xeito fragmentado, por módulos, cunha temporalización distinta (Ex. repartir os módulos en dous anos).
- **Fragmentación temporal:** a mesma carga lectiva pero repartindo os contidos de cada módulo en dous anos. Isto supón unha Adaptación Curricular (sen eliminar ningún contido do deseño curricular do programa).
Despois da avaliación inicial, o Director presentará a solicitude na inspección, co informe do DO e do titor, conformidade do alumno ou pai/nai, fotocopia do expediente e proposta da nova distribución horaria ou de desenvolvemento curricular de cada módulo en dous anos.
Nas actas rexistrárase PC nos módulos onde non corresponda a cualificación.
O prazo para solicitar a medida é ata o 31 de outubro. Resolven no prazo dun mes.

7.9.2. Para o alumnado con necesidades educativas especiais que curse a **FP** poderase propoñer unha **flexibilización modular**:

- O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.
- Procedemento de solicitude e autorización de flexibilización modular:
1º Logo de comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial a que se refire o artigo 28 desta orde, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude no servizo territorial de

inspección educativa correspondente para que se emita informe ao respecto. Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación do centro en colaboración co profesor ou a profesora que exerzan a tutoría.
- b) Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da tutoría legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
- c) Fotocopia compulsada do expediente académico.
- d) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.

2º O Servizo Territorial de Inspección Educativa remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao xefe ou á xefa territorial, a quen corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización.

3º Por iniciativa do Servizo Territorial de Inspección Educativa, poderáselle requerir ao equipo de orientación específico a elaboración dun informe complementario que motive a resolución.

- Prazos no procedemento de flexibilización.

1º O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización perante o Servizo Territorial de Inspección Educativa será ata o 31 de outubro de cada curso académico.

2º A resolución da autorización da flexibilización comunicaráse ao centro no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, para a súa comunicación á persoa interesada.

8. OUTRAS MEDIDAS EDUCATIVAS REGULADAS NO DECRETO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

- ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA.
- ALUMNADO MENOR SOMETIDO A MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE PENAL.
- ALUMNADO SOMETIDO A MEDIDAS DE PROTECCIÓN E TUTELA.
- ALUMNADO AFECTADO POR MEDIDAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E/OU ACOSO ESCOLAR.
- ALUMNADO PERTENCENTE A FAMILIAS ITINERANTES.
- ATENCIÓN EDUCATIVA A MOZAS EMBARAZADAS.

9. ACTUACIÓN ANTE ABSENTISMO ESCOLAR.

9.1. Conceptualización:

- ABSENTISMO ESCOLAR: Non asistencia e/ou falta de puntualidade reiterada (continua ou intermitente) e non xustificada, en idade de escolarización obrigatoria.
- XUSTIFICACIÓN DUNHA FALTA: Motivos que os pais/titores legais alegan ao titor e que poden se obxectivables e contrastables mediante o informe orixinal dun organismo público (centro de saúde, informe médico, centro cívico, ...). Todo o demais será xustificable ou non dependendo das circunstancias persoais do alumno, da familia e da interpretación coherente do titor.
- APERTURA DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN: A partir de 12 de faltas de asistencia (12 sesións lectivas) ou 15 de puntualidade, sen xustificar por parte do titor/a.

9.2. Procedemento de actuación:

1º PASO: (Os responsables serán o titor/a e a Xefatura de Estudos)

Cando o alumno supere un número de faltas de 12 sesións lectivas ou 15 faltas de puntualidade sen xustificar

1.1. Comunicación á Dirección do centro por parte do titor.

1.2. Contabilización de faltas por parte do titor, elaboración dun apercibimento, envío dunha copia (das faltas e do apercibimento) por correo certificado á familia, solicitando ademais manter unha entrevista entre a familia e o titor e entre a familia e a xefatura de estudos.

1.3. ENTREVISTA DO TITOR COA FAMILIA:

- Pediráselles xustificación do absentismo e informaráselles da apertura do protocolo e dos pasos do mesmo, da situación na que se atopa o alumno, así como do regulamento de réxime interior.
- Pediráselles compromiso e responsabilidade para que o alumno deixe de ter absentismo.
- A partir deste momento calquera falta de asistencia ou puntualidade deberá estar acreditada mediante informe orixinal dun organismo público (centro de saúde, informe médico, informe de servizos sociais, centro cívico, xulgado, ...). De non ser así, continuarase co seguinte paso do protocolo.
- Levantarase acta da reunión.
- No caso de que a familia non asista á entrevista enviaráselle unha carta certificada informando da apertura do protocolo, dos pasos a dar e da situación na que se atopa o alumno, así como da necesidade de acreditar calquera falta de asistencia ou puntualidade mediante documento orixinal dun organismo.

1.4. ENTREVISTA DO XEFE DE ESTUDOS COA FAMILIA: Informarase da obrigatoriedade da asistencia puntual ás clases e solicitarase compromiso para reconducir a situación do alumno/a.

2º PASO: (Os responsables serán o titor/a e a orientadora)

Cando o alumno supere un número de faltas de 6 sesións lectivas ou 8 faltas de puntualidade sen xustificar, a partir da 1ª reunión ou comunicación oficial á familia

2.1. Contabilización de faltas por parte do titor, elaboración do segundo apercibimento e envío dunha copia (das faltas e do 2º apercibimento) por correo certificado á familia, solicitando ademais manter unha entrevista entre a familia e a orientadora do centro.

2.2. Comunicación ao Departamento de Orientación:

O titor debe trasladar ao Departamento de Orientación:

- O rexistro de faltas e apercibimentos.
- O rexistro de contactos (telefónicos, entrevista, cartas) establecidos coas familias.
- O resultado das entrevistas (xustificacións alegadas, compromisos adquiridos)
- A súa opinión sobre as xustificacións das faltas aportadas pola familia.

2.3. Reunión da familia coa Orientadora:


- Recollida de información socio – familiar.
- Recomendación á familia de pautas de actuación no medio familiar e escolar.
- Adopción de compromisos e seguimento por parte da orientadora e o titor.
- Levantarase acta da reunión.

3º PASO: (Os responsables serán a Orientadora e Dirección)

Cando o alumno presente 6 faltas (sesións lectivas) ou 8 faltas de puntualidade sen xustificar a partir da reunión coa orientadora.

3.1. Elaboración do informe de absentismo escolar e derivación a Servizos Sociais Municipais e Inspección Educativa por parte da Dirección do centro: A orientadora redactará o informe coa colaboración do titor e entregáralle o expediente de absentismo á Dirección do centro para o seu envío.

3.2. Coordinación entre o centro e Servizos Sociais Municipais para seguimento do caso.



10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN:

- A coordinación de todas as actuacións referidas á atención á diversidade corresponden á xefatura de estudos do centro (Orde do 27 de decembro de 2002).
- Equipo de profesores, os departamentos didácticos e o Departamento de Orientación realizarán un seguimento individualizado de cada alumno ou alumna para determinar a efectividade das medidas de atención á diversidade, a través de:
 - Reunións de xunta de avaliación inicial e trimestrais.
 - Reunións semanais dos departamentos didácticos.
 - Reunións de departamento de orientación.
 - Reunións semanais de orientación cos titores dos grupos de ESO.

- Reunións puntuais de seguimento entre o departamento de orientación e os titores dos outros grupos.
- Reunións de Comisión de coordinación pedagóxica.
- **Coordinación cos Centros Adscritos:**
 - **OBXECTIVOS A CONSEGUIR:**
 1. Establecer cauces fluidos de comunicación entre os CEIPs e o IES.
 2. Consensuar co DO do CEIP SAN VICENZO e o CEIP BAÍÑAS unha liña de intervención coherente sobre todo con aqueles alumnos/a con NEE que posteriormente se escolarizan no IES.
 3. Realizar un riguroso traspaso da información do departamento de orientación de primaria, acerca dos alumnos con necesidades educativas especiais ou dificultades de aprendizaxe, que proceden dos CEIPs.
 4. Revisar, conxuntamente cos centros de primaria o procedemento e probas de avaliación inicial en 1º de ESO.
 5. Asesorar a proposta de alumnos que van a estar exentos de 2ª Lingua Estraxeira en 1º de ESO no curso próximo.
 6. Programar e propoñer o plan de acollida ao novo alumnado de 6º de EP.
 - **ACTIVIDADES DE COODINACIÓN:** Levarase a cabo unha coordinación trimestral tanto cos Departamentos de Orientación dos centros adscritos, como cos equipos directivos e titores dos alumnos de 6º de EP. Para elo realizaranse reunións xa no último trimestre do curso anterior ao que se escolaricen no Instituto para conseguir os obxectivos arriba marcados.

Ao longo do curso, esta coordinación será máis activa entre os Departamentos de Orientación do IES e os CEIPS, para levar a cabo as seguintes actuacións:

 - Intercambio de información acerca dos alumnos que se escolarizaron no IES (Informe de seguimento).
 - Intercambio de materias do DO e consensuar as liñas de intervención.
 - Información do Plan de Atención á Diversidade do Instituto.
 - Actividades de acollida do alumnado de 6º de EP.
 - As actividades de coordinación extenderanse progresivamente, e na medida en que os recursos o permitan, a outros centros educativos, dos que proceden os alumnos, por exemplo IES Pedra da Aguia (Ponte do Porto).

11. CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS/NAIS:

- A Colaboración será continua ao longo do curso a través dos titores, que os manterán informados de tódalas decisións, a través de entrevistas organizadas para tal fin e mediante informes complementarios nos boletíns trimestrais de notas.
- O Departamento de orientación colaborará no asesoramento sobre a adopción de medidas complementarias no medio familiar e proporcionará información sobre a definición das medidas ás familias. Ao rematar a etapa de ESO realizarase un consello orientador individualizado a cada familia que o solicite, sobre a opción de estudos a proseguir.
- Os pais/nais poderán solicitar reunións co profesorado de cada materia onde se desenvolva unha medida co seu fillo co fin de obter información específica.

12. PROCEDIMENTO PARA AVALIAR O PAD.

12.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Avaliaranse tódalas actuacións referidas a este plan en cada curso escolar e terase en conta o seguintes criterios e indicadores:

1º VALORACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL E POSTA EN MARCHA DAS MEDIDAS:

1. Avaliáronse correctamente as necesidades educativas dos alumnos.
2. Adecuáronse as medidas de atención á diversidade ás necesidades avaliadas e características dos alumnos.
3. Estiveron claros os criterios de selección do alumnado.
4. Elaboráronse os informes de avaliación (informes dos profesores, dos titores, de orientación, ...).
5. Informouse ás familias de tódalas medidas e buscouse o seu acordo.
6. Tomáronse as decisións consensuadamente.

2º VALORACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PAD:

7. As medidas puxéronse temporalmente en marcha según o previsto en cada período.
8. Dispúxose de recursos suficientes.
9. Implicouse o profesorado no seu desenvolvemento e seguimento.

3º VALORACIÓN DOS RESULTADOS:

10. Cumplíronse os obxectivos do presente curso escolar.
11. Mellorou o grao de satisfacción do profesorado.
12. Mellorou o grao de satisfacción das familias.
13. Mellorou o grao de satisfacción do alumnado atendido.
14. Diminuiu o fracaso escolar.
15. Mellorou a convivencia no centro.

4º DIFICULTADES ATOPADAS.

5º PROPOSTAS DE MELLORA.

12.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PAD:

- Informes de seguimento aportados nas xuntas de avaliación.
- Resultados académicos do alumnado con MAD.
- Entrevistas de seguimento coas familias.
- Observación do alumnado na aula.
- Reunións de seguimento do departamento de orientación.
- Informes de seguimento aportados na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

12.3. MEMORIA DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

- A finais de curso o Departamento de orientación elaborará unha memoria final coas informacións recollidas según os criterios de avaliación expostos.
- Os departamentos didácticos recollerán na súa memoria final a valoración do resultado das medidas de atención á diversidade, así como as dificultades atopadas e as propostas de mellora.

13. RESUMO REFERENCIAS LEXISLATIVAS:

- **DECRETO ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:** *Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- **EXENCIÓN 2ª L. ESTRANXEIRA:** *Orde do 6 de setembro do 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- **ADAPTACIÓNS CURRICULARES:** *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.*
- **PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR:** *Orde do 30 de xuño do 2007 pola que se regulan os Programas de Diversificación Curricular na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- **PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL:** *do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- **MEDIDAS ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO:** *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.*
- **ORDENACIÓN DA ORIENTACION EDUCATIVA:**
 - *Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia. Orde do 24 de xullo.*
 - *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- **FRAGMENTACIÓN MODULAR EN FP:** *ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.*
- **AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:** *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.*
- **SOBREDOTACIÓN:**
 - *REAL DECRETO 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.*
 - *Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.*
- **ORDENACIÓN ALUMNOS CON NEE E INTERVENCIÓN PROFESOR ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:** *Orde do 27 de febreiro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.*

14. PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN. (Anexos)

- Solicitude de autorización de adaptación curricular ás familias.
- Solicitude de autorización de apoio de PT fóra da aula ordinaria.
- Comunicación ás familias de proposta de agrupamento e /ou apoio na aula ordinaria PT.
- Informe do profesor de proposta de Agrupamento.
- Solicitude de autorización de exención de 2ª I. Estranxeira ás familias.
- Informe do titor de proposta de exención de 2ª I. Estranxeira.
- Solicitude de autorización de Programa de Diversificación Curricular ás familias.
- Informe do titor de proposta de PDC.
- Informe do profesor de proposta de PDC.
- Solicitude de autorización de Programa de Cualificación Profesional Inicial ás familias.
- Informe do titor de proposta de PCPI.
- Informe do profesor de proposta de PCPI.
- Solicitude de autorización de fragmentación no PCPI ás familias.
- Solicitude de autorización de MAD alumnado fóra de Galicia ás familias.
- Solicitude de autorización de flexibilización do período de escolarización ás familias.
- Solicitude de autorización de flexibilización modular en FP ó alumno/a e/ou ás familias.

